

# da beleza e da torpeza

Pálido Domingo - compañía de danza



Coñecémonos fai xa quince anos cando estudábamos arte dramática. Ao rematar a formación, cada unha de nós tirou por un lado, unha cara o teatro físico e as artes marciais, outras cara a danza e as artes do movemento. Tempo despois, fai cinco anos contando dende hoxe, xuntámonos na terraza dunha cafetería e quixemos facer algo. Sempre hai que facer algo. Quixemos chamarnos Pandilla Patatilla, pero entendendo que era gracioso para nós pero que ao mellor non nos conviña a nivel profesional, decidimos fundarnos baixo algo máis elaborado. O traballo é unha cousa seria. Escollemos o nome de Prácido Domingo. Por seguir tirando de bromas. Tempo despois entenderíamos que esta tampouco foi una boa decisión, e nos rebautizamos co nome de Pálido Domingo, por iso de non estar asociadas a persoas de baixa ralea. Hai que ser serias. E tratar de non ser de baixa ralea.

Sempre soubemos que esta asociación de forzas sería algo temporal, un lugar de encontro no cal non enclaustrarnos e ser libres de colaborar e desenvolver outros proxectos. Como todo o que sucede na vida. Debatíamos sobre o formato. Definímonos como *plataforma* nun inicio. Acabamos baixo as formas normativas nomeándonos como *compañía*, sendo a día de hoxe unha opción meramente estética, xa que non somos compañía, nin empresa, nin nada. Como ser empresa tal como está a vida. Por suposto a nosa primeira peza, *Non hai que ser unha casa para ter pantasmas*, costeárona os bares, as clases e os apaños varios. Sen medios, sen escenografía, e coa axuda de moitas persoas que colaboraron con nós. Isto non é novo, sóanos a moitas de nós e non sacamos este discurso da boca. Porque é así.

A situación a día de hoxe non cambiou tanto dende ese día.

# “o sentimento eterno de ir apagando lumes sabendo que seguen todos activos”

Moi formadas. Moitas ganas. Pero a realidade supera a ficción: como lanzarse ao mundo profesional sen idea do que isto supón. Como xestionar unha *compañía* sen ter idea de xestión, de burocracias, do que ven sendo a vida adulta. Como non perderse nisto e protexer o máis importante.

Todo o tempo perseguimos a beleza. Non sabemos nin o que isto significa. Pero a perseguimos. Supoñemos que a deriva creativa non é algo estable e estanco. Avanza cos anos, coa práctica, coa aprendizaxe, artística e de vida. E a día de hoxe esa é a nosa maior aprendizaxe xuntas: a vida, as persoas, están por riba de todo. As persoas *estamos* por riba de todo. O vital de coidarnos a nós mesmas, de poñer os afectos no centro, antes de deixar que a tormenta eterna de danos colaterais nos leve por diante. Aprendemos isto tras un proceso de creación complexo, con data de estrea, data de caducidade. Novamente con poucos recursos e moitas esixencias, externas e internas.

Non desvelamos nada novo se dicimos que entre nós hai moitas e tantas diferencias que nos separan. Que a nosa relación laboral-creativa, como calquera outra relación posible, pende dun fío. Que a fragilidade da nosa profesión (económica, formal, de tempos, de croquis imposibles) afecta á nosa relación creativa, como equipa, como persoas. Que é tanto o amor co que o facemos como a torpeza coa que o executamos. Como defender tantas fronteas abertas e saír sas, e salvas, e xuntas.

Torpes nas xestións laborais.

Torpes nas xestións persoais.

Torpes nas decisións.

Torpes na nosa relación co contexto.

Torpes (...)

Cando non hai oportunidades, cando non tes recursos, coñecementos ou experiencia abordando tarefas alleas a ti. Cando para certas cousas careces de criterio. Ou cando estás a tantas cousas á vez que non abarcas. O sentimento eterno de ir apagando lumes sabendo que seguen todos activos.

E no medio de todo isto, seguir buscando a beleza. Quizais isto sexa beleza. O feito de estar neste caos, entender que todo é caos. E compartirse dende aí. Quizais isto sexa o máis honesto, o máis real, o máis fermoso. Porque nós, as persoas, somos así.

---

DIEGO

Son de Vigo, onde estudei arte dramática, e despois marchei estudar danza a Madrid, de onde saín escopeteado cara Andalucía. E dende entón ando a tombos. Vivindo en todos lados e ningún.

Agora fago prácticas de vida en Granada, onde vivín 3 anos e fun moi feliz. Dou prioridade a vivir nunha cidade pequena onde a un prezo accesible poden vivir nunha casa con xardín. Dou prioridade á periferia onde o movemento cultural é escaso (onde non o é?) pero onde a calidade de

# “nas periferias, da igual Andalucía, que Galicia, o valor é o mesmo, cultivar nun terreo árido”

vida é maior. Dar prioridade á vida. Porque se a danza non é vida, que será?

Sempre fun por libre. non me entendo nin eu. Torpe de min. Nas periferias, da igual Andalucía, que Galicia, o valor é o mesmo, cultivar nun terreo árido. Pero cultivar é acción, é danza. Reco-ller sementes de moitos lugares, plantar en moitos lugares, ver medrar en moitos lugares. E ver tamén podreecer en moitos lugares.

Teño a plena convicción de que o meu corpo e a miña danza está alí onde eu estou. Pero co devir dos anos estou tamén comezando a entender que non camiño só. A importancia do contexto. Escribo isto no momento ilusionante no que comeza a florecer a Plataforma de Artes do Movemento (PAM) que aglutina á meirande parte de creadoras e remexedoras de corpos de Galicia. Comezo a entender iso do contexto, desarraigado de min. Compartir e defender. Aprender e comprender. Que unha non vai por libre, que fai parte de algo máis grande. Que se non é así, non fai sentido. Ser consciente de que isto conleva unha responsabilidade. E facerse cargo dela (o menos torpemente posible).

Gracias á PAM e ás persoas que a conforman, gracias ao compartir humano e profesional, comezo a sentirme pouco a pouco máis unido a unha comunidade. Porque ao andar a tombos é doado perder o norte. E é reconfortante vivir moitas cousas, aprender moitas cousas, sabendo que isto pode reverter como un gran de area no rico e talentoso tecido galego. E así chega de volta para min como unha marea, recibindo máis do que sinto que dou, e enriquecéndonos e tecendo xuntas.

---

FRAN

Teño 33 anos. Cando me preguntan onde é que vivo, respondo que en Madrid. Pero do que vai de 2020 xa vivín en catro casas diferentes e volverei a unha quinta para finais de ano. Pouco a pouco as cousas “van mellor”, como se acostuma dicir, pero o certo é que malamente consigo pagar o alugueiro. Ao igual que Belén e Diego, a pesar de que as cousas “van mellor”, necesitamos traballar en hostalaría e eventos varios para saír adiante. O ano pasado tamén nos foi “moi ben”, pero lembro que, facendo contas, en todo o 2019 tiven algo así como oito ou dez bolos. No 2019 non houbo pandemia pero eu vivín confinado longos períodos de tempo.

Este ano as cousas van “mellor aínda”, pero vanse acumulando facturas sen pagar. Participo en varios proxectos como intérprete, pero apenas hai cartos para os ensaios. Pero aínda así, síntome extraordinariamente privilexiado; teño tantxs colegas e tanxs amigxs que non conseguen participar de proxectos artísticos, e aínda máis facelo con condicións económicas mínimas dignas e responsables, para o auto-coidado e para o coidado das condicións comúns de traballo para todxs. Nós, que non contabilizamos as horas de traballo. A pesar de todo síntome extraordinariamente privilexiado porque “vaime ben”, pero aínda non atopei forma de relacionarme con este paradoxo sen sentir certa dor ou incomodidade.

E como todo é tan difícil, acabamos facendo solos, e tríos (non máis de tres persoas porque despois os proxectos fican moi caros e non hai forma de movelos). Illadx. Contentxs. Cansxs. Satisfeitxs.

Menos mal que onte fun por Teatro Ensalle a dicir “ola”, e como fai moito que non nos viamos

# “unha intérprete que emprega voz, texto e corpo, ata onde é bailarina ou ata onde é actriz?”

quedámonos a falar por horas. E que ben a reunión do outro día coas socias-amigas do Colectivo RPM, que algo importante están argallando, coma sempre. Igual que as reunións da PAM Plataforma Artes do Movemento, falando de comunidade, de boas prácticas, de colectivo. E menos mal, porque ás veces todo o esforzo perdía certo sentido, ou se volvía raro, calquera outra cousa. Un cabalo correndo detrás dunha cenoria.

Menos mal que o esforzo e entrega de todas estas persoas faime sentir que podo pertencer a algo que podemos construír en común. E menos mal. Porque hai cuestións que urxe pensar entre todxs para despois sacudilas e poñelas a bailar. E porque, ademais, así é máis divertido.

---

BELÉN

Para poder falar da miña relación coa danza preciso explicar como acabei eu aquí:

Son actriz de teatro físico e artista marcial. Nos comezos da nosa xuntanza artística exploramos como enriquecernos mutuamente dos percorridos de cada unha de nós. Deste compartirse naceron as nosas *pantomas*, que atoparon máis cabida e aceptación dentro do universo da danza. Estaba feliz, xa que sempre foi unha disciplina pola que sentín unha enorme devoción, pero pouco a pouco fomos entrando no que eu sentín coma unha voráxine da danza: circuitos, reunións, festivais, residencias... (estaba marabillada de que se estivesen a ter tantas iniciativas que ademais fomentasen o tecemento como colectivo artístico) e o termo *teatro físico* foi desaparecendo do noso propio discurso, definíndonos cada vez máis como intérpretes encadrados dentro do termo específico DANZA.

Fun sendo consciente deste forte tecido que estaba a emerxer e a afianzarse arredor da danza e da forte implicación colectiva na loita pola mesma. Sentíame profundamente agradecida por poder vivir dende dentro esa dinámica con persoas comprometidas que pelexaban con ganas e forza, sabendo ademais que se trata dunha loita moi necesaria. Pero á vez, por vir dende outros lugares non específicos da danza, comecei a sentirme insegura, coma unha intrusa, unha impostora, unha extraterrestre infiltrada noutro planeta que non era o meu. E estoupei. Como unha supernova.

Chegou o momento de parar e reflexionar:

Que significa “ser bailarina”? Implica ter unha formación específica en danza? Unha intérprete que emprega voz, texto e corpo, ata onde é bailarina ou ata onde é actriz? Onde se atopa o límite entre unha disciplina e a outra? Existe un único camiño para chegar á danza? Pódese chegar dende outros lugares? Cal é o meu lugar dentro deste universo? Que podo aportar eu dende quen eu son?

Agora son consciente de que existe un movemento emerxente en Galicia que loita polas artes vivas do movemento. Esta loita permite a existencia da diversidade. Permite participar da mesma dende quen somos cada unha de nós a título individual como artistas creadoras, para así poder facer forza conxunta como colectivo que comparte obxectivos comúns dentro do contexto artístico actual.

# “artistas, creadoras, compañías, que identificando (e padecendo) a falta destes contextos, crean espazos”

Agora mesmo, en Galicia, o meu camiño está na docencia, na creación contemporánea das artes do corpo e na investigación marcial e escénica: *A investigación teórica*, sobre o Aikido como metodoloxía, e *práctica*, porque que sentido ten a teoría se non se materializa na práctica?

---

Máis ou menos torpes. Máis ou menos lúcidas.

O que temos claro é que se podemos levar adiante, a día de hoxe, o noso proxecto artístico, é porque unha serie de axentes culturais nos apoiaron nos nosos inicios e nos deron a oportunidade, igual que a moita outra xente que tenta desenvolver en Galicia propostas de artes vivas e creación contemporánea. Estes axentes culturais que nos apoiaron son artistas, creadoras, compañías, que identificando (e padecendo) a falta destes contextos, crean espazos como Teatro Ensalle (Vigo) ou Sala Ingrávida (Porriño); festivais como o Corpo(a)Terra (Ourense), HerDanza (Compostela) ou Artes no Camiño (Sarria); e proxectos como as Residencias Paraíso que promove o Colectivo RPM, cubrindo un baleiro e facendo un traballo que as Institucións non asumen.

Gracias a todas elas seguimos con vida.

---

## **Texto 12. Cara a unha escena plural. Pálido Domingo.**

*Publicado en agosto de 2020 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa en 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.*